

Os procesos electorais das entidades deportivas (sociedades e clubs) deberán desenvolverse conforme ao previsto nos seus respectivos estatutos.

Réxime Electoral para as Sociedades de Caza cos estatutos modelo da FGC actualizado.

RÉXIME ELECTORAL

ARTIGO 32º.- O presidente e a xunta directiva das entidades deportivas elixíranse en asemblea xeral extraordinaria, mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto dos socios de número con dereito a voto, en candidaturas pechadas e completas debendo de figurar nas mesmas a lista ou relación dos seus compoñentes coa designación do cargo que cadaún deles vaia ostentar, debendo estar formada por un número de membros non inferior a cinco nin superior a quince, ao fronte da cal estará o presidente e da que formarán parte, ademais dun secretario e un tesoureiro, polo menos un vogal por cada unha das seccións deportivas federadas.

ARTIGO 33º.- SUPOSTOS NO QUE TERA LUGAR A CONVOCATORIA DE ELECCIÓNS.

As entidades deportivas procederán á convocatoria de eleccións a presidente e xunta directiva, cando se produzan algunha das seguintes causas:

- a) Por expiración do prazo de mandato da xunta directiva.
- b) Cando por dimisións, renuncias, ceses, morte ou incapacidade física quedase a xunta directiva reducida ou modificada, de forma que non poida exercer debidamente as súas funcións.
- c) Por dimisión, renuncia ou incapacidade do presidente que encabezara a candidatura.
- d) Por voto de censura ao presidente ou á xunta directiva, aprobado en asemblea xeral extraordinaria por maioría de dous terzos dos socios de número presentes con dereito a voto. A asemblea será convocada ao efecto e a petición de, alomenos, o vinte e cinco por cento dos seus compoñentes con dereito a voto.

ARTIGO 34º.- CONVOCATORIA.

A convocatoria de eleccións a presidente e xunta directiva acordarase en asemblea xeral de socios, reunida con carácter extraordinario, notificando o acordo de convocatoria de eleccións á Federación Galega de Caza, co obxecto de que poida supervisar e resolver como órgano superior calquera incidencia relativa ao proceso electoral.

A estes efectos, a xunta directiva mediante comunicación a todos os integrantes da asemblea xeral, efectuada do xeito que se consiga a necesaria difusión e coñecemento, convocará a devandita asemblea, especificándose na convocatoria como puntos da orde do día os seguintes:

1º ACORDO DE CONVOCATORIA DE ELECCIÓNS A PRESIDENTE E XUNTA DIRECTIVA.

2º APROBACIÓN DO CALENDARIO ELECTORAL.

No calendario deberán de figurar as datas e prazos seguintes:

- a) Exposición do censo electoral.
- b) Reclamación ao censo electoral.
- c) Prazo de presentación de candidaturas.

- d) Prazo de estudio e aceptación das candidaturas.
- e) Prazo de divulgación de candidaturas.
- f) Prazo de presentación de impugnacións contra as candidaturas.
- g) Prazo para resolución de impugnacións contra as candidaturas.
- h) Data da votación (assemblea xeral extraordinaria) con expresión do lugar de celebración e hora do seu comezo e remate -período durante o cal se pode exercer o voto-.
- i) Prazo de presentación de impugnacións contra as votacións e escrutinio.
- j) Prazo de resolución de impugnacións e proclamación da candidatura gañadora.

3º ELECCIÓN DOS MEMBROS DA XUNTA ELECTORAL.

Sen prexuízo da existencia na Federación Galega de Caza dun Comité de Arbitraje, a assemblea xeral extraordinaria da entidade deportiva de cazadores denominada ao acordar a celebración de eleccións elixirá entre os asembleístas que non se presenten como candidatos a ningún dos cargos directivos, a seis socios que integrarán a xunta electoral social, dos cales tres terán o carácter de titulares da devandita xunta e os outros tres o de suplentes dos anteriores. Se algún deles, despois do seu nomeamento como membro da xunta electoral social e antes do prazo de presentación de candidaturas, decidira integrarse nalgunha das candidaturas, cesará automaticamente na súa condición de membro da devandita xunta, sendo substituído polo primeiro dos substitutos elixidos.

A xunta electoral será a encargada de velar polo estrito cumprimento do calendario e normativa electoral, e decidir sobre calquera cuestión que afecte directamente á celebración das eleccións e resultados das mesmas, admitindo e proclamando as candidaturas, e resolvendo no seu caso tódalas reclamacións e impugnacións que se presenten contra o censo, prazos, candidaturas, candidatos, etc., así como as que se orixinen no decurso das votacións.

A xunta electoral social deberá dar conta por escrito de tódolos seus acordos, actas, etc., á Federación Galega de Caza.

4º ELECCIÓN DOS COMPOÑENTES DA MESA ELECTORAL.

Unha hora antes da prevista para o comezo da assemblea xeral extraordinaria, na que terá lugar a votación para elixir os cargos directivos da entidade deportiva de cazadores denominada, constituirase a mesa electoral, previamente elixida na assemblea anterior na que se convocaron as eleccións.

1. Composición da Mesa Electoral.

Na assemblea na que se acorde a convocatoria de eleccións elixiranse seis socios, entre os asembleístas que non se presenten a candidatos a ningún cargo directivo, que integrarán a mesa electoral, dos cales tres terán a condición de titulares e os outros tres de suplentes dos anteriores. Será presidente o membro de maior idade e secretario o de menor idade, actuando o outro membro como vogal. Se algún deles trala súa elección como membro da mesa electoral decidira integrarse nalgunha candidatura deberá cesar no seu posto antes do comezo do prazo de presentación de candidaturas.

Poderán estar presentes, co obxecto de supervisar o desenvolvemento das eleccións, un representante por cada unha das candidaturas que se presenten á elección. A devandita representación estará debidamente acreditada por quen encabece a candidatura.

2. Funcións da Mesa Electoral.

- a) Comprobar a identidade dos votantes.
- b) Recoller as papeletas de voto e depositalas na urna preparada ao efecto, que deberá de estar debidamente pechada e lacrada.
- c) Redactar, por medio do seu secretario, a acta correspondente, na que deberá de constar o número de electores, votos válidos emitidos, votos nulos, o resultado da votación e as incidencias ou reclamacións que se produzan.
- d) Remitir copia da acta, dentro das 24 horas seguintes, á xunta electoral social.

5º TRANSFORMACIÓN DA XUNTA DIRECTIVA EN XUNTA XESTORA.

Os membros da xunta directiva cesarán nos seus cargos e converteranse en xunta xestora na asemblea xeral extraordinaria na que se convoquen as eleccións.

No suposto de que algún membro da xunta xestora se presente como candidato debe formalizar a súa dimisión como membro da xestora diante da xunta electoral antes do comezo do prazo para a súa presentación de candidaturas.

ARTIGO 35º.- CANDIDATOS.

Os asembleístas que desexen presentar as súas candidaturas a presidente e xunta directiva da entidade deportiva de cazadores denominada, deberán de reunir os seguintes requisitos á data de finalización do prazo de presentación das candidaturas.

1. Ser español ou residente legal en España.
2. Maior de idade.
3. Atoparse en pleno uso dos dereitos civís e non estar suxeito a sanción disciplinaria deportiva que o inhabilite.
4. Ser socio da entidade cunha antigüidade mínima ininterrompida dun ano.
5. Estar en posesión da licenza federativa de caza da FGC en vigor, que deberá manter durante todo o mandato.
6. Presentar a candidatura con escrito de aceptación de tódolos candidatos integrados na mesma.

As candidaturas presentaranse, dentro do prazo establecido no calendario electoral, ante a xunta electoral social en listas pechadas e completas, especificando os cargos para os que se presente cada candidato.

ARTIGO 36º.- ELECTORES.

Nas eleccións da xunta directiva da entidade deportiva de cazadores denominada teñen dereito a voto os socios de número, maiores de 18 anos, que estean ao corrente das súas obrigacións sociais e dispoñan de licenza federativa de caza da Federación Galega de Caza en vigor no momento da celebración das votacións, salvo acordo contrario da asemblea xeral.

ARTIGO 37º.- VOTACIÓNS.

- a) No caso de existir unha soa candidatura que reúna todos e cadaún dos requisitos establecidos, non procederá a constitución da asemblea, e os seus compoñentes serán proclamados pola xunta electoral como membros da nova xunta directiva.
- b) Se foran máis dunha ás candidaturas válidas, celebraranse as eleccións na forma prevista.
- c) As votacións efectuaranse mediante sufraxio persoal, directo e segredo dos socios con dereito a voto.

- d) As votacións realizaranse en papeletas de tamaño único facilitadas pola xunta electoral social.
- e) Sendo as candidaturas pechadas e completas, os electores deberán de elixir calquera delas na súa totalidade, anulándose os votos que non se axusten a esta determinación.
- f) O voto é persoal e intransferible, non permitíndose o voto por correo.
- g) Os integrantes da xunta electoral social e da mesa electoral, exercitarán o seu dereito a voto, si o tiveran, en último lugar.
- h) Rematada a votación, a mesa electoral procederá ao recuento de votos en presenza dos representantes de cada unha das candidaturas que fixeron uso deste dereito.

O Presidente da mesa electoral dará lectura ao resultado da votación, resultando elixida a candidatura que acade maior número de votos, procedéndose pola xunta electoral á proclamación dos elixidos. En caso de empate na votación, a xunta electoral social convocará unha nova votación sinalando lugar, día e hora, entre as candidaturas que produciron o empate.

- i) Do desenvolvemento da asemblea levantarase acta polo secretario da mesa electoral na que se recollerán as incidencias que se produzan, o desenrolo da votación e o resultado da mesma con expresión de tódolos votos emitidos (válidos, nulos e en branco).

A acta asinarana tódolos compoñentes da mesa electoral e os representantes dos candidatos que interviren no escrutinio. Copia da acta enviarase á Federación Galega de Caza.

ARTIGO 38º.- PROCLAMACIÓN.

Rematadas as votacións e, no seu caso, os prazos de impugnacións e resolución das mesmas, a xunta electoral proclamará a candidatura que resulte gañadora e expoñerá na sede da entidade.

A elección da nova xunta directiva deberá ser notificada ao Rexistro de Entidades Deportivas e á Federación Galega de Caza, dentro do prazo previsto polo Regulamento do Rexistro de Entidades.

ARTIGO 39º.- DURACIÓN E EXERCICIO DO MANDATO.

A duración do mandato da xunta directiva electa será de catro anos dende a súa proclamación, de non producirse ningún dos supostos previstos no artigo 33 dos presentes estatutos, podendo presentarse tódolos membros á súa reelección, conxuntamente ou por separado noutras candidaturas.

Durante o mandato da xunta directiva, o presidente, en caso de vacantes por dimisións, renuncias, morte, incapacidade física, ou no caso de cese por incumprir algún dos membros da xunta directiva de xeito grave e reiterado as súas funcións, sempre que non entren en contradición co artigo 33.b) destes estatutos, poderá nomear substitutos que deberán de ser ratificados pola asemblea xeral, podéndose ampliar ou diminuír o número dos seus membros previa aprobación da asemblea xeral.